

A Fundación Diagrama non cobre as vacacións e as baixas do seu persoal e a Xunta é cómplice ao mirar cara ao outro lado

A CIG-Ensino, e os seus delegados de persoal do Comité de empresa, exíxennlle á Xunta de Galiza que poña fin aos incumprimentos da Fundación Diagrama que é quen xestiona o centro de menores de Monteledo dende 2016.

Os feitos xa foron denunciados por 1ª vez o 9 de agosto de 2016, cando todos os representantes dos traballadores/as do CR Monteledo de Ourense mantiveron coa secretaria xeral de Familia (Consellaría de Política Social), Emmanuela Díaz Castro Rial, unha reunión a raíz da interpretación interesada e errada que a Fundación Diagrama, concesionaria do servizo, facía da cobertura do persoal nos seus períodos vacacionais e baixas laborais. Tal e como se especifica na cláusula quinta da RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2016 pola que se convoca o procedemento de selección de entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade:

“A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e das correspondentes funcións. En consecuencia, a entidade efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado á actividade sexa cal for a súa causa, de forma que a execución das medidas xudiciais quede sempre asegurada. As variacións que se produzan no cadro de persoal serán inmediatamente comunicadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para a súa autorización, acompañando a documentación acreditativa da titulación e do curriculum profesional.”

Nesa reunión aseguráronos que, efectivamente, este texto se interpretaba como a parte social o facía, é dicir, que a concesionaria debe cubrir o persoal que estea de vacacións e aquel que cause baixa. Pois ben, durante o ano 2017 non chegou a contratarse un só educador para cubrir as vacacións



dos 34 traballadores/as da plantilla nin as baixas laborais que houbo e non se cubriron as vacacións de ningunha categoría profesional da plantilla do centro, provocando unha merma na calidade da prestación do servizo e unha sobrecarga de traballo do persoal educador. O que realmente sucedeu foi que se consumou unha fraude, ao tratarse dun incumprimento contractual entre a administración pagadora do servizo e a concesionaria do mesmo, que están a padecer os traballadores/as e os usuarios/as.

En maio de 2018, logo de a Fundación non ceder nas súas posturas un ano máis, o comité de empresa ao completo do CR Monteledo e a CIG-Ensino, reuníronse con Amparo González, directora de Familia, e coa subdirectora Cristina Blanco Aragón, para dar conta da negativa da fundación a cumprir coas súas obrigas. Trasládouselles que resultaba curioso ou máis ben “de xuzgado de garda”, que nas últimas 4 folgas xerais, os servizos mínimos ditados pola propia administración establecen que o número de educadores/as por turno fora de 8.

Ademais no verán o non contratar persoal para cubrir as vacacións da plantilla e o non cubrir con celeridade as baixas, fai que se traballe boa parte do ano, ademais de no período estival, en servizos mínimos e mesmo por debaixo destes, con turnos de 7, 6 e ata 5 educadores/as. Tamén resulta sospeitoso que a Fundación propuxera 2 traballadores/as máis do que esixía o prego da concesión do servizo, que eran 32 traballadores/as, para poder gañar o concurso polos puntos que daba, e agora traballe con menos de 30... De novo, as responsables da Consellaría volveron darnos a razón ao afirmar que a concesionaria debe contratar persoal para cubrir as vacacións da plantilla do centro e as posibles baixas laborais e que comunicarán e trasladarán esta cuestión á Fundación inmediatamente. Nós pedimos unha reunión a tres bandas para evitar malos entendidos ou falsedades, pero só tomaron nota sen comprometerse.

Como a situación non cambiou desde esta reunión, no verán solicitamos unha nova xuntanza coa Consellaría de Política Social e a Fundación, pero a día de hoxe non temos resposta algunha.

No mes de agosto os representantes de persoal da CIG-Ensino (esta vez en solitario ao non querer asistir os delegados/as de CCOO...) reuníronse cos distintos grupos parlamentares galegos do BNG, PSdeG-PSOE e En Marea trasladándolles toda a problemática que estaba a darse no CR de Monteledo de Ourense para que dende a oposición tomaran cartas no asunto, denunciando estes feitos. Lograron o compromiso dos tres grupos de requerirle e exixirle ao Parlamento Galego ao PP que resolva esta situación o máis axiña posible e deixe de mirar cara ao outro lado ante as continuas denuncias fundamentadas e continuadas dos traballadores/as do centro.

Implicación de Feijóo e de Rey Varela

Segundo o responsable da CIG-Ensino, Henrique García Vázquez, “resulta intolerable que unha fundación que recibe cartos públicos precisamente para contratar un certo número de traballadores/as estea a aforrar cartos e lucrándose... con que finalidade? que control fai a Administración?”. A Xunta ten que deixar de mirar para outro lado e esixir o cumprimento das condicións contractuais firmadas pola fundación Diagrama para a xestión do centro de Monteledo, así como dous centros máis que xestiona en Ourense. A parte de sufrir os usuarios unha menor calidade educativa e formativa cun importante incremento de expedientes abertos por faltas, os traballadores/as incrementaron considerablemente o número de baixas laborais que até agora non se produciran con ningunha outra Fundación.

Dende a CIG-Ensino facemos un chamamento ao goberno do Partido Popular e aos seus responsables directos, Rey Varela e Feijóo, para actuar ante este despropósito e converter este servizo nunha xestión pública directa, que poría fin a esta precariedade e incumprimentos laborais e asistenciais.

Caso de non ser atendidas estas demandas e reivindicacións, a CIG-Ensino xunto cos seus representantes dos traballadores/as seguirán denunciando estes feitos ante todos os organismos posibles, como pode ser a Valedora do Pobo, e non descartan mobilizacións dos traballadores/as tanto diante do centro como na propia Xunta de Galiza así como calquera outra medida legal máis contundente.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal